



D I E S F E S T U S

POR AQUILINO I. ALVARIÑO

Non é doado escribir algo para iste Día, que non teña sabor de tópico. Non é doado para min. Algo que estivera fora da catívez da anécdota ambiente, ou tan dentro dela, que zugara a soma nutricia dos seus íntimos orixes.

Eu creo que o máis profundo senso deste día, a súa significación máis nidia, está por hachar. Iba decir afortunadamente. Mirando-oben, nada concreto se persegue.

O Día de Galicia, para min, non é máis que iso: O día de Galicia.

Unha festa, un "dies festus", un un alonxarse da angueira cotián do "dies feriales" mesquiño, sin amplitudes humans, encarrilado. E'un descarrilamento, un desbordamento de arelas fondas, inconcretas casi sempre, non por iso menos sentidas, nin menos xustas. E ahí, precisamente, reside a grandeza do seu fondo contido human.

Cando un pulo popular ten un fito determinado, definido, xa perdeu toda a súa pureza inicial.

Entón é cando veñen as cambadelas, o buscar atallos luxados, o desbandarse en faccións de asalto, para chegar antes, para acadar ise fito ao que xa se vai con espíritu torpe de avarento. Ningún dos grandes movementos históricos, de eclosión máis pura, tiña este fito concreto. As moitedumes van tras dun sino máis ou menos, na que resollen todo o seu pro-

fundo arelar de lonxanías. Nada máis.

Niste Día de Galicia, tamén vamos todos, sin ningún fito, pol-as ruas, pol-os camiños aldeáns, tras dun sino.

Dun sino tan simple como o de tirar o fardo noxento do "dies feriales" do noso vivir cotián, para abrir as exclusas de todol-os ancelos inconcretos que levamos con nosco, para desfollar a rosa infinda dos nosos máis limpos iescuros degaros. Dises degaros inconcretos que sinten os pobos coma os individuos, e que son os que por riba de todo, sin que non deamos conta—sin que ningún se dea conta—arrastran os pobos, e nos arrastran a nós, cara o noso verdadeiro porvir. Nós, intimamente, non somos nós máis que cando deixamos de ser algo concreto e determinado. Os pobos, o mesmo. Cando nos queremos autenticar determinadamente, o que facemos, é crear un homiño artificial, falsi ficándonos. Non. Deixemos que todo florezca, que todo se desborde nun "dies festus" multitudinario e cordial. Iso é o mellor. Por iso, para min, o Día de Galicia, non é máis que iso: Un arelar infindo. Un arelar todo. Un arelar o que está tan lonxe que non lle podemos chegar; é un arelar o que está tan preto que o non podemos ver.

N-ista vila arousana, tan limpa; nista Vilagarcía de amañecida, ¡qué degaro florira no bico de cada onda?

Eu non o sei. Eu sei que o meu degaro niste Día puidera ser ter eiquí unha flor marelña de solda con solda, traída das montañas de Lugo, para desfollar-a enriba d-unha d-istas balandras de Vilagarcía, sin patrón nin mariñeiro.

Non me preguntedes para qué Vilagarcía d'Arousa, mes de Sant-Yago do 1933.